

## ANUNCIO BOP

Na X.G.L. celebrada o día 16 de febreiro do 2022 aprobáronse as bases do Certame Residentes: Residencias Artísticas Boiro 2022 co seguinte texto

### CONCELLO DE BOIRO

#### BASES DO CERTAME RESIDENTES: RESIDENCIAS ARTÍSTICAS BOIRO 2022

A Concellería de Cultura do Concello de Boiro, convoca o certame “Residentes: Residencias Artísticas Boiro 2022” - en colaboración coa galería de arte “La Doce”, que ten coma obxecto incentivar a creatividade e a creación artística visual e contribuír á consolidación e crecemento do sector artístico local a través dun espazo totalmente equipado, dun tempo e un contexto onde desenvolver, en condicións óptimas, un proxecto de investigación e produción artística.

#### 1. PARTICIPANTES:

Neste concurso poderán inscribirse todos/as aqueles/as artistas que teñan coma linguaxe as artes contemporáneas (pintura, escultura, vídeo arte, fotografía, performance, land art., ...), que sexan maiores de idade, que necesiten un obradoiro para traballar na súa obra, desenvolver un proxecto artístico concreto ou iniciar un proceso de investigación e experimentación artística na contorna do concello de Boiro e que residan en territorio español, nalgún país da Unión Europea ou cuxo visado estea debidamente cumprimentado.

#### 2. PREMIO:

O xurado seleccionará 3 proxectos artísticos e outros 3 en calidade de suplentes, en orde de puntuación, para o caso de que algún/a dos 3 premiados declinase a aceptación do premio. Así mesmo o xurado pode declarar deserto algún dos premios

.O premio consiste nunha dotación económica de 1000€ por gañador/a, á que se lle practicarán as retencións tributarias que correspondan; aloxamento privado de aluguer (por valor de 1000€) totalmente equipado, a compartir polos 3 gañadores/as do 1 ao 30 de setembro do 2022 o cal será facilitado en especie polo Concello de Boiro.

Así mesmo, os residentes seleccionados, disporán dun espazo de traballo na zona coworking da galería La Doce, o cal conta con mobiliario, internet de alta velocidade, roupeiro de uso persoal, auga e luz natural. Poñerase a disposición todos os recursos espaciais, técnicos e humanos para cada proxecto, segundo a dispoñibilidade e horario de apertura.

Unha vez que o fallo se faga público, notificaráselle aos/as premiados/as do 1 ao 15 de agosto do 2022

#### 3. OBRIGAS DAS PERSOAS GAÑADORES/AS

- Dende a comunicación da concesión o participante deberá comunicar por escrito e debidamente asinada a aceptación do premio e enviálo a [residentes@ladoce.net](mailto:residentes@ladoce.net).
- Unha vez aceptado o premio deberá asinar o acordo de participación e responsabilidade.
- Deberá reclamar o premio en metálico, enviando a solicitude de reclamación e aportando certificado bancario da titularidade da conta e fotocopia do DNI ou pasaporte e a través da sede electrónica ou de forma presencial.
- O/A artistas comprométense a:
  - .. Unha actividade ou obradoiro dirixido á cidadanía de Boiro, respecto ao tema de investigación e/ou produción durante a súa residencia
  - .. Ceder a súa obra resultante do seu traballo durante un mes para levar a cabo unha exposición.
  - .. Acudir e presentar o seu traballo aos actos que poidan ser convocados coma open-studios ou charlas
  - .. E doar unha peza realizada ao Concello de Boiro



#### 4. XURADO E CRITERIOS DE SELECCIÓN:

O xurado estará composto por:

- Javier Díaz-Guardiola, periodista, comisario e responsable da sección de arte de ABC Cultural
- María Von Touceda, crítica de arte e escritora
- Vítor Nieves, comisario e director de Outono Fotográfico e Premio Galicia de Fotografía.
- María Outeiral, concelleira de Cultura do Concello de Boiro
- María Magán, docente e coordinadora de La Doce

ou persoas nas que deleguen.

Este comité avaliador elixirá os tres proxectos que considere merecedores da residencia, avaliando:

- Interese artístico e cultural do proxecto.
- A viabilidade de realización do proxecto.
- A viabilidade técnica da proposta en canto a súa execución.
- A actividade de retorno proposta polo/a artista.

Ademais, valoraranse positivamente as propostas que expoñan un achegamento coa contorna local, introducindo a experiencia da estadia en Boiro dentro das propostas artísticas dos/as solicitantes.

#### 5. PRAZO, REQUISITOS E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE INSCRICIÓNS

- **Prazo:** os/as participantes enviarán as súas propostas do 15/03/22 ao 12/06/2022 ambos inclusive.
- Para participar no certame os participantes deben cumprir os seguintes **requisitos:**
  - Inscribirse dentro do prazo sinalado;
  - Deben aportar a seguinte documentación obrigatoria nun só arquivo PDF:
    - Impreso de inscrición e de compromiso.
    - Fotocopia do DNI ou pasaporte e se é o caso, ademais, fotocopia do visado de residencia.
    - Curriculum vitae (máximo un folio)
    - Dossier de obra en formato DIN-A4 (máximo 10 folios) no que se incluírán os datos persoais (nome e apelidos, enderezo, data de nacemento, teléfono de contacto, e-mail e wéber ou blog), statement do traballo e imaxes da obra. Así mesmo deberá aportar unha memoria descritiva do proxecto (descrición do proxecto a desenvolver, xa sexa, a reformulación ou hipótese da investigación artística ou o proxecto concreto) onde debe vir reflexada, ademais, a actividade de retorno: tipo de actividade, número e idade das persoas as que vai dirixida, necesidades técnicas etc..
    - Carta de motivación
- **Lugar de presentación:** As solicitudes e documentación deberanse presentar de xeito telemática, a través da Sede electrónica municipal: [boiro.sedelectronica.gal](https://boiro.sedelectronica.gal) (instancia xeral – tramitación electrónica), ou de forma presencial na oficina de rexistro xeral do concello de Boiro

**Importante:** No impreso de solicitude telemática deberá indicar claramente que envía a documentación para participar *no certame Residentes: Residencias Artísticas Boiro 2021*. E dirixila **A/A CULTURA (600) – CERTAME RESIDENTES**

No caso excepcional, de que o/a participante non lle fose posible, presentar a inscrición/documentación polos medios anteriores, pode mandalos ao seguinte E-mail: [residentes@ladoce.net](mailto:residentes@ladoce.net), e a coordinadora do programa, fará a inscrición na súa representación.

#### 6. DEREITOS DE IMAXE

O Concello de Boiro resérvase a potestade de fotografar e/ou gravar aos participantes, así como a utilización das imaxes para promoción e difusión da actividade.



## 7. PUBLICIDADE DAS BASES

As presentes bases serán publicadas no BOP, taboleiro do Concello de Boiro, dándolle maior difusión a través doutros medios de comunicación.

## 8. DESCALIFICACIÓN DO CERTAME.

As persoas que non cumpran cos criterios e normas establecidos pola organización poderán ser expulsados e despoixados, por tanto, do premio.

## 9. RESPONSABILIDADE

O Concello de Boiro **non** se fai responsable dos danos morais, físicos ou materiais que, a si mesmos ou a terceiros, ocasionen os/as participantes deste desfile desta residencia

## 10. ACEPTACIÓN DOS PARTICIPANTES

A participación neste convocatoria implica a aceptación das presentes bases.

En Boiro, na data que consta ao marxe

O alcalde

Asinado dixitalmente

